

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7832 *Lei 4/2018, do 11 de xuño, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

Esta lei encontra a súa orixe na iniciativa aprobada polo Pleno do Parlamento de Navarra, na súa sesión do 19 de xaneiro de 2017, no exercicio das previsións contidas no artigo 87.2 da Constitución.

A finalidade desta modificación normativa encóntrase na necesidade de erradicar do ordenamento xurídico aqueles aspectos que limiten a igualdade de oportunidades e promovan a discriminación por calquera motivo, neste caso, por seren portadoras do VIH/sida, ou outras condicións de saúde, no que respecta ao ámbito de contidos discriminatorios en determinados negocios xurídicos, prestacións ou servizos.

Este tipo de disposicións discriminatorias acentúan o estigma social e a discriminación legal das persoas seropositivas. A lexislación actual obriga a declarar esta enfermidade á hora de contratar un seguro, a modo de exemplo. Iso acrecenta o fenómeno de estigmatización expresado. Existe un amplo consenso social que rexeita este tipo de cláusulas excluíntes e discriminatorias que, ademais, determinan graves consecuencias para o normal desenvolvemento da vida das persoas afectadas.

A autonomía da vontade, recoñecida ás partes polo dereito privado, para establecer pactos e realizar contratos, non debe ser utilizada para discriminar as persoas polo só feito de teren unha enfermidade ou outra condición de saúde. Polo tanto, resulta precisa unha lei que estableza a nulidade de calquera cláusula, estipulación, condición ou pacto que discrimine ou exclúa as persoas citadas en tales circunstancias. Por tanto, esta lei responde a unha necesidade de xustiza social.

A sistemática da lei resulta sinxela. Comprende un artigo único, con dous puntos. O primeiro engade unha disposición adicional ao Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, onde se establece a nulidade destas cláusulas. O segundo punto engade unha nova disposición derradeira cuarta, en que se establece un prazo dun ano para que o Goberno presente un proxecto de lei no cal determine a aplicación desta lei a outras enfermidades, con respecto ás cales se poidan producir os mesmos efectos excluíntes nas relacións xurídicas.

Así mesmo, inclúense dúas disposicións derradeiras. A primeira modifica a Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, para suprimir a discriminación por razón de VIH/sida ou outras condicións de saúde no sector referido. A disposición derradeira segunda regula a entrada en vigor.

Artigo único.

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, queda modificado da seguinte maneira:

Un. Engádesse unha disposición adicional única, co seguinte texto:

«Disposición adicional única. *Nulidade de determinadas cláusulas.*

1. Serán nulas aquelas cláusulas, estipulacións, condicións ou pactos que exclúan unha das partes por ter VIH/sida ou outras condicións de saúde.
2. Así mesmo, será nula a renuncia ao estipulado nesta disposición pola parte que teña VIH/sida ou outras condicións de saúde.»

Dous. Engádesse unha nova disposición derradeira, co seguinte texto:

«Disposición derradeira cuarta. *Ampliación a outras enfermidades.*

O Goberno, no prazo dun ano, presentará un proxecto de lei no cal determinará a aplicación dos principios desta lei a outras enfermidades respecto das cales se poida considerar que se aplican os mesmos efectos excluíntes nas relacións xurídicas.»

Disposición derradeira primeira.

Modificación da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, nos seguintes termos:

Engádesse unha disposición adicional quinta, co seguinte texto:

«Disposición adicional quinta. *Non discriminación por razón de VIH/sida ou outras condicións de saúde.*

Non se poderán discriminar as persoas que teñan VIH/sida ou outras condicións de saúde. En particular, prohíbese a denegación de acceso á contratación, o establecemento de procedementos de contratación diferentes dos habitualmente utilizados polo asegurador ou a imposición de condicións máis onerosas, por razón de ter VIH/sida ou outras condicións de saúde, salvo que se encontren fundadas en causas xustificadas, proporcionadas e razoables, que se encontren documentadas previa e obxectivamente.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación ás cláusulas, estipulacións, condicións ou pactos que se subscriban ou que, xa subscritos, sexan aplicables.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xuño de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN